

**Índice de confianza do consumidor. Xuño 2007.**

**COMUNICADO**

**Recuperación dos índices de confianza e sentimento do  
consumidor**

**Soben os saldos dos dous indicadores resumo principais da enquisa**

Despois do descenso, un tanto atípico, que sufriron tanto o Índice de Confianza do Consumidor (ICC) como o Índice de Sentimento do Consumidor (ISC) no pasado mes de maio, en xuño ambos indicadores ven aumentados os seus saldos, recuperando así a tendencia ascendente que viñan presentando dende comezos de ano.

**Indicadores resumo**

*Unidade: saldo respostas en %*

	ICC	ISC
<b>2006</b>		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
<b>2007</b>		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0
Maio	-14,2	-24,0
Xuño	-11,9	-22,0

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

### Perspectivas de crecemento dos prezos.

No que respecta aos prezos, aumentan tanto o saldo referente á súa evolución pasada como o saldo referente ás perspectivas de evolución dos mesmos. Sendo o aumento de 7,7 e 0,8 puntos respectivamente.

### A posibilidade actual e futura de aforro soben 8,6 puntos.

Estes saldos rexistran unha forte recuperación no mes de xuño de 2007, acadando ambos o seu valor máis positivo dende que comezara o ano e reflectindo unha opinión máis positiva dos consumidores sobre a posibilidade de que o fogar sexa capaz de aforrar na actualidade e durante os próximos meses. Vemos a evolución destes saldos no seguinte gráfico.



### Perspectivas de evolución do emprego.

As perspectivas de evolución do emprego, despois dunha mellora continuada dende xaneiro, sofren un leve descenso en xuño. Sen embargo, dende unha perspectiva interanual, o saldo de xuño de 2007 supera en 6,5 puntos ao valor acadado no mesmo mes de 2006 e segue constituíndo un dos valores máis positivos acadados por este indicador dende que comezara a elaborarse a enquisa.

**Definicións:**

**Índice de confianza do consumidor:** media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

**Índice de sentimento do consumidor:** media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>